# LINGUA GALEGA

Don Xosé Onega pasou toda a vida do desexo de ter un papagaio falador. Xosé era un home pequeno, esmirrado*, e sempre levaba un sombreiro escuro de ala ancha.

En Lugo, déronlle o enderezo dunha casa de Barcelona que vendía papagaios, cacatúas e toda clase de aves. Don Xosé escribiu pedindo prezos. Contestáronlle que naquel momento tiñan dous papagaios e mandáronlle as fotografías. Un dos papagaios chamábase Briand, e o outro, Calumet. Don Xosé mercou a Calumet.

Álvaro Cunqueiro: *Xente de aquí e de acolá*, Ed. Galaxia (adaptación)

**esmirrado:** Moi delgado.

1. Que quería mercar Xosé Onega? Atopouno?

2. Que vendían na casa de Barcelona ademais de papagaios?

3. Busca no texto e escribe as palabras correspondentes a estas definicións:

   ……………………………………………………………: Dirección, domicilio onde vive a persoa.

   ……………………………………………………………: Parte do sombreiro que sobresae polos lados.

   ……………………………………………………………: Imaxe que se obtén cunha cámara especial.

4. Completa coa letra adecuada:

| c/qu | z/c | g/gu/gü | r/rr |
|---|---|---|---|
| .....eixo | .....ereixa | pin.....ín | co.....er |
| .....ro.....odilo | .....ume | ce.....oña | ca.....a |
| .....o.....eta | .....into | .....indas | .....uído |
| .....ios.....o | cora.....ón | man.....eira | soco.....o |

5. O texto da lectura, é un texto literario ou non literario? E é un fragmento dun conto, dunha poesía ou dunha obra de teatro? Responde as dúas preguntas.

6. Explica por que se escribe con maiúscula no texto anterior.

Don ……………………………………………………………………………………………………………………

Xosé ……………………………………………………………………………………………………………………..

Onega …………………………………………………………………………………………………………………..

Contestáronlle ……………………………………………………………………………………………………..

Lugo ……………………………………………………………………………………………………………………..

Barcelona …………………………………………………………………………………………………………..

Calumet ……………………………………………………………………………………………………………..